Concello de Silleda

| ACTA |
|---|

| Expediente nº: | Órgano Colexiado: |
|---|---|
| JGL/2026/6 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 04 de febreiro de 2026 |
| **Duración** | Dende as 11:05 ata as 11:23 horas |
| **Lugar** | Sala de Reunións |
| **Presidida por** | Mónica González Conde (Decreto 2026-0070) |
| **Secretaria** | David García Lareo (Decreto 2026-0047) |

| ASISTENCIA A SESIÓN | |
|---|---|
| **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| Estefanía Taín Surribas | SÍ |
| Manuel Requeijo Rey | SÍ |
| María Asunción García Hernández | SÍ |

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluidos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| Expediente 194/2026. Solicitude de Axuda de Emerxencia Social | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o informe da traballadora social con data 3 de febreiro, no que se pon de manifesto a

necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do pago da débeda do suministro do gas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA**:

**Primeiro**.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social o pago da débeda exposta.

**Segundo**.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Gas Natural Redes GLP con facturas con número de referencia 0000261304847 e 00002562928500 e importes 229,46€ e 115,48€ respectivamente.

**Terceiro**.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto**.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 182/2026. REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA DA BANDEIRA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Pablo Fernández Villamarín, denominado: REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA DA BANDEIRA, con presuposto base de licitación de 123.151,39€ (IVE INCLUÍDO).

Vista a solicitude de subvención, presentada polo Concello de Silleda, a través do III PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS da Deputación de Pontevedra, por importe de 130.774,39€, co obxecto do financiamento do investimento: “REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA DA BANDEIRA” na que se inclúe o orzamento de execución do proxecto (123.151,39€) mais 7.623€ correspondentes a redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Vista a inminente concesión da antedita subvención ao abeiro III PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS da Deputación de Pontevedra por importe de 130.774,39 €.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención (1587/2025).

Visto o informe técnico emitido o 10/12/2025, que consta no expediente, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe supervisión.

Vistas as Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- consta presentada solicitude de autorización e aprobada polo Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural na que se informa favorablemente da execución da actuación REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA DA BANDEIRA, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na mesma.

- Consta presentada solicitude de autorización e comunicación de AESA, na que se informa da cancelación da solicitude, cancelación motivada porque se considera que a actuación axustase ao criterio de obras menores en materia de servidumes aeronáuticas

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto que consta no expediente, emitido en data 2/02/2026, polo Servizo de asistencia intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra (expediente 1587/2025) .

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**Primeiro**.- Aprobar o proxecto REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA DA BANDEIRA con presuposto base de licitación por importe de 123.151,39€ (IVE INCLUÍDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Segundo**.- Iniciar o expediente de contratación da obra REMODELACIÓN INTERIOR DOS VESTIARIOS DA PISCINA DA BANDEIRA por importe de 123.151,39€ (IVE INCLUÍDO), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso, significando que o procedemento de adxudicación será o Aberto Simplificado (tramitación anticipada) , atendendo á contía e a natureza do contrato.

**Expediente 1599/2025. MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a Resolución de concesión da Deputación de Pontevedra, DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO" MEJORA DE VIALES MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO Y LARO" Expte. Nº: 2025054393

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: MEJORA DE VIALES MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO Y LARO cun orzamento base de licitación de 99.914,93 euros (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe emitido polo técnico municipal no que se recolle o cumprimento do planeamento en vigor, a necesidade de autorizacións sectoriais de: Dirección Xeral de Carreteras, por atoparse as obras previstas dentro da zona de afección da estrada estatal N525, da Deputación de Pontevedra, Consellería de Medio Rural, e Augas de Galicia**;** o cumprimento da normativa urbanística, así como que as obras que se definen no proxecto non afectan á de estabilidade, seguridade ou estanqueidade do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Vistas as autorizacións sectoriais anteditas e o informe de titularidade que obran no expediente.

Vista a acta de trazado previo que consta no expediente

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2025 na que se aproba o proxecto e se inicia o expediente.

Vistos o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto que constitúe o prego de prescricións técnicas.

Visto o informe xurídico asinado pola Secretaria municipal o 27 de outubro de 2025.

Visto o informe da fase A asinado polo Interventor municipal o 27 de outubro de 2025.

Visto o documento de RC.

Vista a acta final da mesa de contratación tras a licitación correspondente que se transcribe a continuación:

*“**EXPEDIENTE**: 1599/2025*
***ASUNTO**: “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO”*

*Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 03 de febreiro de 2026 cando son as 10:30 horas,*
***Tipo de contrato**: Contrato de obras.*
***Forma de adxudicación**: Procedemento aberto simplificado.*
***Obxecto do contrato**: MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO (Concello de Silleda).*

*Membros asistentes:*

*PRESIDENTE*
*D. Mónica González Conde, 1ª Tte de Alcadesa en substitución de Dona Paula Mª Fernández que se abstén de calquer tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.*
*VOCAIS*
*D. David García Lareo, en substitución de Dona Déborah García Suárez, secretario acctal da Corporación.*
*D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación.*
*D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación*
*SECRETARIO*
*D. José Luis García Montoto, en substitución de Don Julio Méndez Castro, administrativo da Corporación.*

*Na sesión celebrada o 16 de xaneiro de 2026, a Mesa formalmente constituída, declaraba admitida provisionalmente a seguinte proposición:*

| ***DENOMINACIÓN SOCIAL*** | ***CIF*** |
|---|---|
| ***CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.*** | *B94181807* |

*Ao non formularse ningunha reclamación, proceuse á apertura do **"SOBRE A"**, que contén a **DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR**.*

*Unha vez cualificada a documentación administrativa que a empresa aporta no **"SOBRE A"**, non se observaron defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros declaraba ADMITIDA á licitación a seguinte proposición:*

| ***DENOMINACIÓN SOCIAL*** | ***CIF*** |
|---|---|
| ***CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.*** | *B94181807* |

*No mesmo sobre comprobouse a documentación técnica que contén os criterios avaliables mediante xuízo de valor e, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acordou remitir a documentación técnica incluída no "**SOBRE A**" ó redactor do proxecto, **Don Román Gómez Fraiz**, para que nun prazo non superior a **7 días** realizase a avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor (Requirimentos do día 17 de xaneiro de 2026 nº 2026-S-RE-38).*

*O 25 de xaneiro de 2026 mediante escrito con rexistro de entrada nº 2026-E-RE-103, o redactor do proxecto, Don Román Gómez Fraiz, da traslado da valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, que se transcribe a continuación:*

*"**INFORME TÉCNICO***

**1. OBJETO**

*Es objeto del presente informe la valoración de las* ***Ofertas Técnicas*** *presentadas por los licitadores, según los criterios evaluables mediante un juicio de valor y recogidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rige en el contrato de obras denominado “****MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO****”.*

**2. VALORACIÓN**

*La valoración de las diferentes propuestas técnicas se realiza, exclusivamente, atendiendo a lo definido y descrito en los diferentes criterios objeto de baremación.*

*Además de lo anterior, se procederá conforme a lo siguiente:*

*• Se otorgará la máxima puntuación fijada en cada subcriterio de los dos apartados de la memoria técnica a los documentos que se desarrollen con un alto grado de detalle, coherencia, idoneidad de la propuesta, conocimiento y adecuación de los estudios presentados a los contenidos indicados.*
*• Se otorgará el 75% de la puntuación, en líneas generales, si el contenido propuesto en cada uno de los subcriterios del respectivo apartado es presentado de forma adecuada y de manera satisfactoria pero no se define de forma completa o con un alto grado de detalle.*
*• Se otorgará el 50% de la puntuación si el contenido propuesto en cada uno de los subcriterios del correspondiente apartado es aceptable pero insuficiente y/o se define de forma parcial.*
*• Se otorgará el 25% de la puntuación si el contenido propuesto en cada uno de los subcriterios del pertinente apartado se realiza con un escaso desarrollo.*
*• No se puntuará en caso de que el contenido propuesto en cada uno de los subcriterios pertenecientes al concerniente apartado no se considere acertado así como en el supuesto de que el licitador no defina el contenido del respectivo subcriterio a puntuar.*

*A continuación se incluyen las valoraciones obtenidas por cada una de las empresas licitantes, así como la motivación de dicha valoración en base a las consideraciones escritas sobre aquellas.*

| *CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.* |
|---|

***Consideraciones***

*Se considera que el licitador establece una relación de fuentes de suministro de materiales incompleta al no incluir el capítulo de señalización. Valida su propuesta.*

*El análisis de las necesidades de almacenamiento y de instalaciones auxiliares, atendiendo al tipo de obra, se considera suficiente.*



Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

*Se considera suficiente el análisis realizado acerca de las posibles afecciones al territorio, a los servicios existentes o personas.*

*Se considera que el licitador desarrolla de manera suficiente la descripción técnica de los trabajos a ejecutar.*

*Se considera adecuada la propuesta de disposición de los elementos auxiliares (casetas de obra, contenedores, maquinaria, etc.).*

*La propuesta de circulación de personal y maquinaria por la obra, atendiendo al tipo de obra, se considera adecuada.*

*Se considera que el licitador identifica suficientemente las unidades de obra y procesos constructivos generadores de impactos, considerando asimismo suficiente la propuesta de medidas a adoptar para su eliminación, disminución o corrección. Respecto del empleo de materiales con certificados sostenibles, reciclados o reciclables, el licitador presenta diversas propuestas, las cuales se consideran suficientes.*

*Respecto de la "Organización física de la obra", lo desarrollado en el criterio se considera adecuado.*

*Se considera suficiente la propuesta presentada respecto a la evaluación y la gestión de residuos generados durante la ejecución de la obra.*

*Se considera suficiente la propuesta de las medidas de reciclaje de residuos sólidos y líquidos a adoptar.*

*Se considera suficiente la justificación de la certificación ambiental de materiales a emplear en la obra.*
*La descripción de los vertederos y centros de gestión de residuos se considera adecuada.*

## *3. RELACIÓN DE PUNTUACIONES*

*En la tabla que sigue se muestra la valoración obtenida por los licitadores:*

| CRITERIOS DE VALORACIÓN | PUNTOS | LICITADORES |
|---|---|---|
| | | CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. |
| ANÁLISE PROXECTO E EXECUCIÓN OBRAS | | |
| Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. | 3,00 | 2,25 |

| | | |
|---|---|---|
| *Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas* | *3,00* | *3,00* |
| *Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar* | *3,00* | *3,00* |
| *Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, eta).* | *2,00* | *2,00* |
| *Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra* | *2,00* | *2,00* |
| *TOTAL* | *13,00* | *12,25* |
| *ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL* | | |
| *Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables* | *2,00* | *2,00* |
| *Organización física da obra* | *2,00* | *2,00* |
| *A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra* | *3,00* | *3,00* |
| *Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos* | *2,00* | *2,00* |
| *Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar* | *2,00* | *2,00* |
| *Descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos* | *1,00* | *1,00* |
| *TOTAL* | *12,00* | *12,00* |
| *PUNTOS TOTALES* | *25,00* | *24,25* |

*Asimismo y en los términos que establece el propio PCAP, la puntuación de cada uno de los criterios respecto de las memorias técnicas presentadas por los licitadores, guardan proporcionalidad con el valor económico que dichos puntos representan.*

***4. <u>CONSIDERACIÓN FINAL</u>***

*Esta es la valoración del Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos que suscribe, en su leal saber y entender, y que somete a cualquier otra mejor fundada en Ingeniería.*

*En Silleda, a 25 de enero de 2026*
*El Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos Autor del Informe*
*Fdo: Román Gómez Fraiz*
*Colegiado Nº: 33.103"*

*Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE A da seguinte maneira:*

| ***DENOMINACIÓN SOCIAL*** | ***PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE A Xuízos de valor*** |
|---|---|
| *CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU* | *24,25* |

*A Mesa de Contratación, ás 12:19 do martes 27 de xaneiro, procede á lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:*

| DENOMINACIÓN SOCIAL | PREZO SEN IVE | IVE | PREZO TOTAL |
|---|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. | 74.316,89 € | 15.606,55 € | 89.923,44 € |

*Aplicada a fórmula para avaliar os criterio de adxudicación, a puntuación obtida polos licitadores é a seguinte:*

| LICITADOR | PUNTUACIÓN POLO PREZO OFERTADO | PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B |
|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. | 75,00 | **75,00** |

*Tendo en conta a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor que realizou a mesa de contratación na sesión do 27 de xaneiro en base ó informe técnico do redactor do proxecto, as **PUNTUACIÓNS FINAIS** quedan da seguinte maneira:*

| LICITADOR | PUNTUACIÓN SOBRE A | PUNTUACIÓN SOBRE B | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU | 24,25 | 75,00 | **99,25** |

*Polo exposto anteriormente, e tendo en conta que únicamente presenta oferta un licitador, non procede clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente, así, a Mesa por unanimidade dos membros presentes, acordou na sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2026:*

*"Requirir á licitadora a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.** con **N.I.F. B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra **"MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO"** para que, dentro do prazo de **7 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP." (requirimento que se realiza o 27 de xaneiro de 2026 con rexistro de saída nº 2026-S-RE-121).*

*O licitador presenta o requirido con data 02 de febreiro de 2026, rexistro de entrada en este Concello nº 2026-E-RE-132.*

*A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMO EMPRESA ADXUDICATARIA** do contrato obras denominado **"MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO"** a:*

Concello de Silleda

- ***CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU,*** *con N.I.F.* ***B-94.181.807****, por ser a oferta máis vantaxosa.*

*A presidenta da por rematada a reunión ás 10:50 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.*

| | |
|---|---|
| | *VºBº.* |
| *O Secretario* | *A Presidenta* |
| *José Luis García Montoto* | *Mónica González Conde”* |

Visto o informe fase D asinado o 04 de febreiro de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta da Mesa de Contratacion e adxudicar á licitadora **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU**, con N.I.F. **B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de servizos denominado **“MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO”** por importe de 74.316,89 €, ao que corresponde por IVE a contía de 15.606,55 €, totalizándose a oferta en 89.923,44 €.

**SEGUNDO.-** Dispor o gasto por importe de 89.923,44 euros con cargo á aplicación 151-619.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU**, con N.I.F. **B94181807**, adxudicataria do contrato, indicaráselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

**CUARTO.-** Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**



Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021